



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Como pasa agora.

Está moi ben, moi ben
que nos poñan unha albarda

pois todo llo consentimos
como si non fora nada.

Ahora hai outra tonadilla, espera. Houbera un saldo de zapatos, que había antes así varios e claro, era o tempo da fame, antes da guerra, bastante. E cantaban. Iba a xente ao saldo. Espera, hai que pensalo primeiro.

Vamos a falar un pouco
dos zapatos da estación,
corría a xente ó saldo
como si fora un ciclón.

Cando dixeron que iban
poñelo todo de saldo,
houbo alguén que levou
polo menos medio fardo.

Hasta houbo algún deles
que foi a probar zapatos
levaba sete dun pé
i os outros das outras casas.

Logo fixeron os cambios
como si foran gitanos
e algún xa ten zapatos
lo menos pra vinte anos.

Pero o que non levou nada
de estas zarapalladas
foi un pobre limpabotas
que tamén na tienda estaba.

Por andar charlando máis
e por ter a lingua larga
xunto a Ponte do Petín
enchéronlle o cú de patadas.

Ó mai, se lle dan un baño
o tiran da ponte ó río
gracias que por aquel tempo
casi non facía frío.